



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/11/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleira ausente:

- D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do día tres de novembro de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteséis de setembro do presente ano dous mil doce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habendo solicitudes de rectificación, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Os expedientes comprendidos no presente punto da Orde do Día non foron dictaminados pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, decláranse urxentes en votación ordinaria e por



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre os mesmos.

Dase conta polo Sr. Alcalde do alleamento, mediante acordo da Xunta de Goberno de data do 15/10/12, dunha finca sobrante de concentración parcelaria na parroquia de Lamas, concretamente a número 60 do polígono 503, que ten unha superficie de 315 m² e que xa fora expresamente declarada sobrante de vía pública polo Concello hai anos con posterioridade á convocatoria de varias poxas consecutivas, para facilitar a súa adquisición por propietarios de fincas colindantes.

A Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda ratificar o acordo de que se trata.

Dase conta de seguido polo Sr. Alcalde do requerimento recibido da Deputación Provincial, en relación coa solicitude de participación deste Concello no Plan DTC94, no que se indica que dúas das tres obras proxectadas, as de rehabilitación das antigas escolas do Eirexado e As Loibas para vivendas, non teñen cabida nese Plan. O Alcalde di que, aínda que o criterio utilizado para formular ese requerimento parécelle excesivamente ríxido, a conveniencia de acometer a outra obra, a mellora de pavimentos no CPI, durante as vacacións escolares de nadal, estimouse que fai aconsellable a rectificación do acordo plenario para adicar as cantidades previstas para esas obras a gasto corrente, aínda que as obras de que se trata realizáranse igualmente.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que posto que a solicitude será para gasto corrente, enténdese que existe un compromiso do grupo de goberno para adicar a financiación de que se trata á execución das obras acordadas polo Pleno. O Sr. Alcalde di que efectivamente, existe ese compromiso expreso por parte do goberno municipal. No mesmo sentido pronúnciase o Sr. López Loureiro.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do pasado día 23/10/12, relativo á participación deste Concello no Plan DTC 94 e cuxa parte dispositiva literalmente di:

"1º.- Participar no Plan "DTC 94: Unha deputación para todos os concellos", da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

Denominación	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Mellora integral das superficies pavimentadas do C.P.I. De San Sadurniño	54.501,63	0	54.501,63



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

TOTAL	54.501,63	0,00	54.501,63
-------	-----------	------	-----------

Aprobar o correspondente proxecto técnico.

B) Financiamento de gasto corrente do concello da anualidade 2012:

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
San Sadurniño	146.113,06	86.548,93	0,00

C) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
Subtotal obras e subministracións	54.501,63	0,00	0,00	54.501,63
Subtotal honorarios proxectos	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal achegas a outros plans	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal gastos correntes	146.113,06	0,00	0,00	146.113,06
TOTAL	200.614,69	0,00	0,00	200.614,69

2º.- Declarar que o Concello conta cos terreos, concesións e autorizacións administrativas necesarias para a execución das obras.

3º.- Declarar que este Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita achega provincial.

4º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesoureiría da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, tan amplamente como sexa preciso, para todo o relacionado coa tramitación, xestión e execución do presente acordo e o correspondente expediente.

6º.- Ordear que o contido do presente acordo sexa sometido a ratificación por parte do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, remitindo certificación desa ratificación á Deputación Provincial da Coruña ós efectos oportunos."

Informa de seguido o Sr. Alcalde sobre o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data do 23/10/12, en relación coa adhesión do Concello a un convenio marco para xestión de residuos de pilas e acumuladores, que literalmente di:

"Dase conta da comunicación recibida da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, relativa á posibilidade de que o Concello se adhira a un convenio marco para a xestión de residuos de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

pilas e acumuladores, suscrito entre a Xunta de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de pilas e acumuladores.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda solicitar a adhesión ó convenio marco de que se trata, na modalidade da opción B das contempladas na cláusula 5ª dese convenio marco."

A Corporación queda enterada e conforme co contido do acordo de que se trata.

Finalmente, expónse o contido do acordo acadado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado día 02/11/12, en relación cunha solicitude de prórroga do prazo de execución da obra de rehabilitación do Pazo da Marquesa, que literalmente di:

"Dase conta de solicitude formulada con data do 26/10/12 pola empresa Copcisa, adxudicataria da realización da obra de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", cuxo prazo contractual de execución remataba o día 30 de outubro, tras a prórroga autorizada mediante Resolución da Alcaldía do 13/09/12, de concesión dunha segunda prórroga dese prazo de execución como consecuencia de retrasos que se consideran non imputables á empresa producidos pola necesidade de restauración de carpinterías, galerías e estruturas de madeira, prórroga que remataría o día 20 de decembro do presente ano 2012. A solicitude conta coa conformidade do director da obra e do director de execución, posto que ámbolos dous asinan o referido escrito de solicitude de prórroga.

A Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Conceder á empresa Copcisa unha nova prórroga do prazo de execución da obra de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", que remataba, segundo a primeira prórroga concedida, o día 30/10/12, e que se extenderá ata o día 20/12/12.

2º.- Ordear a notificación do contido do presente acordo á empresa solicitante e á dirección da obra, e que se someta á ratificación do Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, por ser éste o órgano competente para a adxudicación do contrato."

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e do do PSOE, acorda ratificar o acordo de concesión de prórroga adoptado pola Xunta de Goberno.

TERCEIRO. APROBACIÓN PROVISIONAL DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO NO LUGAR DA ESPERANZA.

Aprobada inicialmente a modificación das Normas Subsidiarias Municipais por Acordo do Pleno de data 07/07/12, foi sometida a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios publicados no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia n.º 142, de data do 26/07/12, no xornal La Voz de Galicia de data do 31/07/12, e no xornal Diario de Ferrol de data do 31/07/12.

Simultaneamente e polo mesmo prazo da información pública, deuse audiencia ós seguintes municipios, limítrofes con San Sadurniño: Moeche, As Pontes, A Capela, Neda,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Narón, Valdoviño e As Somozas, aos efectos de que presentaran cantas alegacións estimasen pertinentes, e foi sometido ás consultas previstas no documento de referencia.

Durante o referido período de información pública e información ós concellos referenciados, non foi presentada alegación algunha.

Con data do 31/07/12, solicitáronse informes das seguintes Administracións sectoriais: Consellería de Medio Rural e do Mar, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio e Deputación Provincial da Coruña. Na data da presente sesión plenaria, transcorridos algo máis de tres meses dende a data da solicitude, recibíronse únicamente os informes favorables de Augas de Galicia e da Deputación Provincial.

Segundo o indicado expresamente pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, xa antes da aprobación inicial, non é necesario o sometemento da modificación puntual de que se trata a avaliación ambiental estratéxica.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez interven para dicir que se do que se trata é de facer unha zona urbana onde non existía, habería que considerar a posibilidade de facer o mesmo noutros lugares do Concello que tamén o precisan e que se atopan en circunstancias similares, ou ben impulsar xa a aprobación do Plan Xeral que leva anos tramitándose. O Sr. Alcalde di que pode haber máis casos, pero que non se pode xeralizar este procedemento en pleno proceso de aprobación do PXOM, porque o da Esperanza é un caso especial no que as persoas afectadas fixeron esforzos para a corrección do erro e no que non hai interese especulativo. Polo referido ó PXOM, di que os tempos de tramitación non os marcan os concellos, e que a causa do retraso é a modificación da lexislación autonómica aplicable á redacción de instrumentos de planeamento. O Sr. Márquez lembra que hai dous anos, o PXOM estaba feito e agora xa non hai nada, e o Sr. Alcalde indica que con posterioridade entrou en vigor unha modificación normativa que afecta á definición dos núcleos de poboación, ademais de que foi preciso corrixir o nomenclator e esperar pola relación de zonas inundables que debía elaborar a administración autonómica, o que se fixo hai un ano, polo que o retraso non é causado polo Concello.

O Sr. Márquez pregunta en que prazo poderá remitirse á Xunta o PXOM para iniciar o seu trámite, insistindo na posibilidade de acudir ó trámite da modificación puntual para outros casos similares, porque dous anos son moito tempo, e sempre haberá modificacións legislativas, e o Sr. Alcalde resposta que conta con que para fin de ano poida iniciarse o trámite do PXOM, e que a normativa urbanística non debería cambiar tan rápidamente, ademais de que as normas sectoriais deberían preceder a todo o resto da regulación, para poder ser realmente efectivas.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Vistos os informes obrantes no expediente, de conformidade co disposto no artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento Urbanístico deste Concello, para a corrección do erro consistente na omisión da delimitación do núcleo rural de A Esperanza, na parroquia de Santa Mariña do Monte, nos términos que constan no expediente e sen modificacións respecto da aprobación inicial xa que non se presentaron alegacións durante a exposición pública e os informes sectoriais recibidos son favorables.

2º.- Una vez dilixenciado, elevar o expediente de modificación das Normas Subsidiarias Municipais á Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.

CUARTO. APROBACIÓN DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO ANEXO Ó PAZO DA MARQUESA.

O Sr. Alcalde explica o contido do proxecto de que se trata, redactado polo arquitecto Iván Rivas Rico e cuxo presuposto de execución por contrata importa un total de 345.728,01 euros, indicando que xa conta con informe favorable de Patrimonio, que resultaba necesario para poder asinar coa Deputación Provincial un convenio por importe de 200.000 euros que permita a realización das obras coa brevidade posible.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez pregunta a causa de que se elimine a terceira planta do edificio de que se trata, cando sería posible a súa utilización para outras finalidades públicas, e pregunta se existe algún catálogo de elementos patrimonialmente relevantes da edificación. O Sr. Alcalde di que as causas da eliminación da planta terceira son de carácter técnico, para resaltar o edificio orixinal do Pazo, e que a configuración actual desa edificación respostaba ás necesidades existentes nos anos 60, cando foi construída. Trátase dun edificio grande, no que se entende que sobra superficie para os usos públicos necesarios, ademais de que a maior superficie, máis gastos de mantemento. Por outra parte, contarase tamén co edificio que actualmente alberga o concello, que poderá ser adicado a outras finalidades. Di tamén que os usos previstos son unha escola infantil na planta baixa e un viveiro de empresas na primeira, ocupando tamén, no seu caso, o espazo da planta baixa non necesario para a escola infantil. Co canon que se percibiría das empresas do viveiro preténdese cubrir parte dos gastos do edificio. Polo referido ó inventario, di que non existe e que non hai elementos patrimoniais especialmente interesntes nesta edificación.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Márquez clarexa que o que pretendía era solicitar que se faga ese inventario antes de iniciarse a obra, e o Sr. García Casal di que todo o que hai é relativamente recente, posterior ós anos 60, aínda que pode haber cousas que teñan valor sentimental, polo que se gardará canto haiba, como se fixo co edificio principal do Pazo. O Sr. Márquez pregunta se houbo problemas cos cadros que había nese edificio principal, e o Sr. Alcalde resposta que xa estaban moi mal, pero que se sacaron durante a execución das obras e non sufriron danos como consecuencia delas.

O Sr. López Loureiro interven para manifestar a conformidade do seu grupo coa obra, pero non coa desaparición da terceira planta do edificio, xa que entenden que podería utilizarse para locais de asociacións, sede da Garda Civil ou outros usos necesarios, e cuestiona se efectivamente existe autorización de Patrimonio para a actuación proxectada. O Sr. Alcalde resposta preguntando se coñece asociacións que carezan de local ou paguen aluguer, e que a actual Casa do Concello tamén poderá ser utilizada para outras finalidades, e polo refrido á Garda Civil, pide ó Sr. López Loureiro que se dirixa ó actual director da institución, do seu partido, para que faga un cuartel en vez de pagalo cos impostos dos veciños. O Sr. López Loureiro di que a planta que se vai demoler tamén podería servir para sede de Correos, e pregunta se non será máis caro demolela que mantela, e o Sr. Alcalde resposta que xa se están a buscar alternativas para empregar o espazo disponible, sendo posible, na prestación de servizos públicos, como o de Correos se finalmente non se privatiza, e insiste na conveniencia de eliminar a planta da que se trata para realzar o edificio principal do conxunto, indicando que non se discute se o proxecto gusta a cada un, indicando que parte da demolición xa formaba parte do proxecto da parte vella do Pazo, que agora se está a executar.

O Sr. Márquez toma de novo a palabra para dicir que hai tres anos, cando el formaba parte do grupo de goberno asumíuse o compromiso de dotar de locais ós grupos políticos, e que aínda non se cumpriu ese compromiso, e o Sr. Alcalde di que xa se están a facer na parte antiga do Pazo. Pregunta tamén o Sr. Márquez se o encargo do proxecto ó portavoz do BNG no Concello de Ferrol se fixo con concorrencia de ofertas, respostándose polo Sr. Alcalde que non era necesaria licitación por tratarse dun contrato menor, utilizando varios criterios de adxudicación, incluída a competitividade cos prezos, e non por ser portavoz de nada, como insinúa o Sr. Márquez. Di tamén que ve mala fe nesa insinuación, que este tipo de contratos realízanse habitualmente deste xeito por tódolos grupos políticos, e que tamén poderíanse facer ese tipo de comentarios respecto ós proxectos que se adxudicaban por posible simpatía política a Proyfe cando gobernaba o PSOE ou durante 18 anos co PP a Estudio Técnico, un de cuxos donos é o pai da presidenta do Parlamento de Galicia, e antes varias veces conselleira con ese partido. Di tamén que o Alcalde entende que aqueles contratos adxudicáronse porque quen gobernaba entón entendeu que se trataba das opcións máis vantaxosas para o Concello e que se cumpría coa legalidade. O Sr. Márquez pregunta como se pode saber que era a oferta máis vantaxosa economicamente sen ter pedida ningunha outra, respostando o Sr. Alcalde que mediante a comparación con outros proxectos encargados e aboados polo Concello.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Varela interven brevemente para dicir que a idea de rebaixar a altura da edificación obxecto deste proxecto acadou parabens por parte dos membros da comisión de patrimonio, e que o espazo co que se contará nese edificio cubrirá as necesidades do concello alomenos para os próximos 50 anos. Polo referido ó proxecto, di tamén que calquera pode comprobar as facturas, e se hai algo máis barato, que así se manifeste.

O Sr. Alcalde di que non se fala do importante, que é que se van crear unha escola infantil e un viveiro de empresas, en resposta ó único caso en Galicia de convenio asinado para facer unha escola infantil que non conta nin cun euro da Xunta, e tamén o feito de que o pobo recuperará o uso dun edificio que foi da Marquesa.

O Sr. Márquez quéixase tamén de que o luns aínda non estaba no concello o proxecto da obra, e que se podería ter consultado o seu contido cos grupos da oposición antes da convocatoria do Pleno. O Sr. Alcalde resposta que o luns este pleno aínda non estaba convocado, e que o proxecto básico estaba no Concello dende hai semanas. O Sr. Varela destaca que non se formulou suxerencia algunha relativa ó contido do proxecto por parte dos grupos da oposición.

Sometida de seguido a aprobación o proxecto de que se trata, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres abstencións, dos dous concelleiros presentes do PP e do do PSOE, acorda prestarlle a súa aprobación ó proxecto de que se trata.

URXENCIA. Antes de pasar ó quinto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión. Non habendo propostas neste sentido, pásase de seguido ó debate dos rogos e preguntas.

QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE

O SECRETARIO,